

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Anuncio de aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar (dependencia e libre concorrencia) do mes de xuño de 2019

ANUNCIO DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA) DO MES DE XUÑO DE 2019

Mediante Decreto da Alcaldía n.º 504/2019, do 6 de agosto de 2019, aprobáronse os padróns/matriculas de:

- Prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia
- Prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio dependencia

Ámbolos dous correspondentes ao mes de xuño de 2019, con expresión dos datos identificadores dos suxeitos pasivos, feito impositivo e cota tributaria; os que se expoñen ao público para a súa notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, durante o prazo de quince días, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

Durante este prazo, o expediente estará a disposición das persoas interesadas (segundo o recollido no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) na Tesourería Municipal, aos efectos de presentar reclamacións, no seu caso.

Contra o acto de aprobación dos padróns e das liquidacións incorporadas naqueles, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

- Recurso de reposición, perante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, contando desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se no prazo dun mes desde a súa presentación non se resolve de xeito expreso.
- Recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde a súa interposición, se non o fose.

Non obstante, poderase interpor calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

En Pontevedra, asinado dixitalmente o día 12 de agosto de 2019, polo alcalde-presidente en funcións, D. José Simoes Couceiro (Decreto n.º 519/2019 do 9 de agosto de 2019).

2019/6753